



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Proposta de contratación no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 praza de profesor/a CMUS clarinete (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Proposta de contratación do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de persoal laboral fixo a tempo parcial no posto de Profesor/a CMUS Clarinete incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000072 – PROFESOR CMUS CLARINETE

Rematado o antedito proceso selectivo, en quenda libre e mediante o sistema de concurso-oposición, faise pública a proposta de contratación de D. **Rafael Espido Lata**, con DNI ***0165**, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo a tempo parcial no posto de **Profesor/a CMUS Clarinete** incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

As persoas aspirantes propostas deberá acreditar ante o Concello de Carballo, dentro do prazo de VINTE (20) DÍAS HÁBILES desde a publicación da proposta de contratación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

No caso de persoal laboral, procederá a formalización do correspondente contrato de traballo no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde a terminación dos vinte (20) días anteriores. A contratación mencionada publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello. Unha vez publicada a contratación do persoal laboral fixo, este deberá incorporarse no prazo dun (1) mes.

En Carballo, 28 de novembro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/8572